

## OS GREGOS E PONDAL

M.ª Teresa Amado Rodríguez

*Universidade de Santiago de Compostela*

Calquera traballo de conxunto sobre Eduardo Pondal adica algún apartado máis ou menos extenso á presenza do mundo grego na súa obra<sup>1</sup>. Uns cantos artigos ademais abordan monograficamente o mesmo tema<sup>2</sup>. Isto non nos causa estrañeza, pois malia ó pouco que aínda se ten traballado sobre o humanismo clásico na literatura galega, a cantidade de nomes gregos, non demasiado coñecidos para un profano, presentes nos versos do noso poeta, espertan unha curiosidade que afortunadamente callou en valiosas aportacións que contribúen a unha mellor comprensión dos seus poemas. Con todo, neste traballo pretendemos facer algunhas precisións sobre puntos xa abordados por outros e engadir algún material que foi obviado a pesar do seu interese.

### O helenismo ben coñecido

Aínda que se sabe con certeza que Pondal estudiou un curso de grego con excelente proveito e que na súa biblioteca había varias obras da

<sup>1</sup> Forcadela (1993: 227-236), Brea Hernández (1996: XXV-XXVIII). Ademais hai moitas referencias ailladas en case toda a bibliografía pondaliana.

<sup>2</sup> Blanco Filgueira (1969), Pociña (1981), Carballo Calero (1986), Lillo Redonet (1998). Temos noticia dunha memoria de licenciatura sobre este tema de Blanco Filgueira (1967), pero no puidemos localizala.